

1. Indica cales das seguintes afirmacións sobre os réptiles son certas.

Viven no medio terrestre

Maioritariamente son vivíparas

A maior parte deles son carnívoras

As súas extremidades poden ser patas ou aletas

A súa pel está recuberta de escamas

Todas teñen un esqueleto de ósos

Todos teñen dentes para morder as súas presas

Algúns carecen de extremidades

Poden respirar por pulmóns ou branquias

2. Completa o seguinte texto coas palabras que faltan.

Os réptiles a diferenza dos anfibios están completamente adaptados ao medio terrestre, debido a dúas razóns fundamentais: a primeira é que o seu corpo está recuberto por A segunda razón e que os seus ovos están protexidos por unha Estas dúas razóns son importantes para evitar que se produza unha deshidratación debido ás elevadas temperaturas.

3. Os réptiles clasifícanse en catro grupos: saurios, crocodilianos, ofidios e quelonios. Indica a que grupo de aves pertencen os seguintes animais



4. Indica a que grupo de réptiles se corresponden as seguintes definicións:

- a) Carecen de dentes pero teñen un pico córneo para desgarrar o alimento
- b) Carecen de patas e desprázanse arrastrándose polo chan
- c) Son de gran tamaño e teñen catro patas e unha cola moi desenvolvida
- d) Poden ter patas ou aletas e o seu corpo está protexido por un caparazón
- e) Os dinosauros pertencían a este grupo
- f) Teñen catro patas e unha cola. Son de tamaño medio ou pequeno